

FERROL



BANDO MUNICIPAL

ÁNGEL MATO ESCALONA, ALCALDE PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL

FAI SABER:

O Concello de Ferrol publica este bando que regula a realización das luminarias de San Xoán e San Pedro dos días 23 e 28 de xuño no ano 2021.

SOLICITUDE

As solicitudes faranse no Concello de Ferrol, no modelo de solicitude establecido, ata o día 21 a través do rexistro municipal ou a través do rexistro virtual (www.ferrol.gal).

NORMAS

Respectaranse as normas recollidas na lei 2/2021, de 29 de marzo, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación fronte á crise sanitaria ocasionada pola covid-19, así como demais normativa complementaria.

Quedan prohibidas as luminarias en terreos de dominio público.

Nas luminarias en terreos privados só se poderán congregarse o número de persoas que as autoridades sanitarias permitan a través da normativa de aplicación nese momento.

Distancia a zonas de arboredo: a separación mínima á área de árbores e libre de combustible será, polo menos, de:

- 15 metros a árbores de pequeno ou mediano porte.
- 25 metros a árbores de gran porte, tendidos eléctricos, telefónicos, etc.
- 15 metros do mobiliario urbano.

O tamaño máximo da luminaria será de 4 metros de diámetro e 3 metros de alto.

O combustible empregado será obrigatoriamente de tipo vexetal.

A luminaria deberá quedar apagada antes de abandonala.

Serán responsables directos dos danos que se puidesen ocasionar as persoas ou entidades que figuran na solicitude e autorización concedida.

EMERXENCIAS

CIAE 112	112
POLICÍA LOCAL	092 / 981 944 092
BOMBEIROS	080 / 981 944 080
PROTECCIÓN CIVIL	981 32 00 00
INCENDIOS FORESTAIS	085

O Alcalde